



Proxecto:	Parque eólico Bustelo e Baralláns
Documentos:	Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto de Interese Autonómico
Localización:	Cabana de Bergantiños e Coristanco (A Coruña)
Promotor:	EDP Renovables España SL
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN408A 2020/061
Data rexistro:	06.09.2022
Expediente :	03.I.680.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3203/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 06.09.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Industria e Innovación no que de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e o artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, entre outras, se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Bustelo y Baralláns. Modificado sustancial. Enero 2022, Parque Eólico Bustelo Baralláns. Modificado sustancial Proyecto de Interés Autonómico Previsto. Xjulio 2021* e Separata do proxecto de execución.

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia atópase nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os seguintes antecedentes:

- *Documento de inicio para sometemento de avaliación de impacto ambiental. Junio 2020*, informado pola directora xeral de Patrimonio Cultural o 08.04.2021, dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria.
- O 12.01.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no que se pon a disposición da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o documento denominado *"Parque eólico Bustelo y Baralláns. Documento de inicio para sometimiento de avaliación de impacto ambiental Términos municipales de Cabana de Bergantiños y Coristanco (A Coruña). Junio 2020,"* ao obxecto de consultar o alcance e contidos específicos que debería incluír o estudo de impacto ambiental.
- O 06/08/2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural autoriza a execución de proxecto de prospección arqueolóxica intensiva: *"P.E. Bustelo e Baralláns (Cabana de Bergantiños e Coristanco, A Coruña)"* coa clave CT 102A 2021/570-0 e dirixida polo arqueólogo Ángel Rodríguez Castro.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Legislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)*
- *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG do 19.02.2016)*
- *Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (DOG do 14.01.2021)*
- *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG do 19.02.2016)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*





- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20 do 01.02.2021)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm.126, do 04.07.2022)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise dos documentos:

Estudo de Impacto Ambiental

- Segundo a documentación remitida, o obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico cunha potencia total de 36 MW composto de 6 aerogeradores modelo SG155 de 6,0 MW de potencia unitaria, 122,5 m de altura de buxa e 155 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, subestación transformadora 30/220 kV, edificio de control e torre meteorolóxica de medición de 122,5 m de altura.
- A enerxía xerada polo parque evacuará mediante unha LAT 220 kV desde a SET Bustelo e Baralláns 30/220KV ata SET Meirama 220KV, sendo obxecto dun proxecto independente. Ditas infraestruturas de evacuación serán compartidas co parque eólico Alto Torreiro e outros parques eólicos promovidos polo mesmo promotor.
- Os accesos ao parque eólico fóra da poligonal están previstos desde a autoestrada AG-55 en dous puntos: no PQ. 58 e estrada AC-552 para os aerogeradores BB-01 a BB-04, e no PQ. 40 e estrada DP-2901 para os aerogeradores BB-05 e BB-06. No percorrido será necesario realizar acondicionamento e actuacións puntuais en curvas para o paso do transporte especial.
- A lonxitude da rede viaria interior será de 8.607 m, dos cales 4.309 m transcorren por vías existentes e 4.298 m son de nova construción. A lonxitude total das gabias será de 12.830 m, dos cales 2.115 m discorrerán paralelas aos viarios interiores do parque eólico do Alto Torreiro. Parque que será obxecto dun proxecto independente.
- No documento analízanse 3 alternativas para a construción do parque eólico, sendo escollida a alternativa 3 dado que, segundo o equipo redactor, é a mellor opción ambiental, social e económica.
- No capítulo IV, *Diagnóstico territorial y del Medio Ambiente*, no seu punto 4 *Patrimonio Cultural* faise referencia ao documento 02-Planos no que figuran os bens culturais incluídos nalgunha das categorías de protección da Lei 5/2016 de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. Asemade, cítanse os BIC dolmen de Dombate, castro de Borneiro e Torre de Nogueira e remítese ao Anexo 4 *Estudo de impacto arqueolóxico* que conterá os resultados da prospección arqueolóxica, que no momento de redacción da memoria do EIA aínda estaba sen realizar.
- Como **Anexo 4** achégase a *Memoria de prospección arqueolóxica intensiva PE Bustelo-Baralláns*,





Cabana de Bergantiños e Coristanco (A Coruña) asinada en data 18.09.2021 polo arqueólogo Angel Marcelo Rodríguez Castro da empresa DOMUS Arqueoloxía. Segundo esta memoria, na fase de consultas previas de inventarios e bibliografía documentáronse un total de 23 elementos do patrimonio cultural na zona de estudo: 10 de carácter arqueolóxico, 3 de carácter arquitectónico e 10 de carácter etnolóxico.

Tense en conta así mesmo o acceso á poligonal, avaliando as afeccións sobre os elementos localizados nos vieiros que se empregaran para achegarse á poligonal do parque e tendo en conta as obras previstas nos trazados afectados nos concellos de Cabana de Bergantiños, Coristanco e Zas. Sinálase que as infraestruturas viarias empregadas serán a autovía AG-55 "Costa da Morte", as estradas autonómicas AC-552 e AC-423 e a estrada provincial DP-2901, ademais de estradas municipais ata enlazar cos vieiros interiores do parque eólico.

Como resultado da prospección arqueolóxica na banda de 200 m, identificáronse 25 elementos do patrimonio cultural, dos que 10 son bens de carácter arqueolóxico, 2 de carácter arquitectónico e 13 de carácter etnolóxico. Destes elementos preséntase fichas coa descrición, valoración do impacto e proposta de medidas correctoras específicas. Os elementos de interese patrimonial identificados nesta banda de 200 m son os seguintes:

Elemento e código	Axente de impacto e distancia	Impacto	Medidas correctoras específicas
Casa do Muíneiro e Muíños (AE1)	Acondicionamento do camiño de acceso Sur (AC-552) e modificación de liña aérea a 70 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Avenida de Carballos das Torres do Allo (AE2)	Acondicionamento do camiño de acceso Sur (AC-552) e modificación de liña aérea a 116 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Conxunto de tres Muíños no Cotón do Muíño (AE3)	Acondicionamento do camiño de acceso Sur (AC-552) e modificación de liña aérea a 163 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Hórreos de Lamas (AE4)	Acondicionamento do camiño de acceso Sur (AC-552) e modificación de liña aérea a 40 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Casa na Cuca (AE5)	Acondicionamento do camiño de acceso Norte (DP-2902) e modificación de liña aérea a 95 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Hórreos San Xusto I e II (AE6)	Acondicionamento do camiño de acceso Norte (DP-2902) a 179 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Hórreo San Xusto III (AE7)	Acondicionamento do camiño de acceso Norte (DP-2902) a 93 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.





Casa de Pardo en Golúa-Cruceiro de Cotón (AE8)	Camiño de acceso interno a > 200 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Hórreos de Golúa I e II (AE9)	Camiño de acceso interno a 62 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Muíño de Baralláns (AE10)	Gabia de cableado a 54 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Valados (AE10)	Aeroxerador BB-03 e o seu acceso a 0 m	Severo	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra. Roza e topografiado. Desmontaxe e reposición conservando as súas características orixinais e tipoloxía, en caso de afección directamente.
Hórreo de Baralláns (AE11)	Gabia de cableado a 43 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Hórreo de Perrol (AE11)	Gabia de cableado a > 200 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Muíño no Río do Grelo 2 (AE12)	Gabia de cableado a > 200 m	Compatible	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra.
Camiño histórico (AE13)	Camiño de acceso e gabia de cableado a 0 m	Severo	Información da localización exacta aos responsables do proxecto. Sinalización da situación e área de protección legal na cartografía de obra. Reposición dos tramos afectados con características similares ás actuais. Deberán respectarse todas as estruturas tradicionais asociadas ao trazado do camiño, como os valados tradicionais. No caso de verse afectados de forma directa deberá preverse a desmontaxe e reposición, conservando as súas características orixinais e tipolóxicas. Control e seguimento continuo de todos os traballos previstos na traza do





			Camiño Histórico documentado.
Mámoa de Midón GA15029020	Acondicionamento da vía de acceso norte. O elemento sitúase a 92 metros das obras máis próximas, non afectando as obras proxectadas ao elemento nin á súa área de respecto. As obras realízanse no lado oposto da calzada onde se atopa o túmulo.	Moderado	Os responsables do proxecto deberán ser informados da localización exacta do depósito, da súa situación e da súa zona de protección legal sinalarase na cartografía da obra. Deberase realizar un control e seguimento continuos de todos os movementos de terras que se realicen na zona inmediata do elemento.
Mámoas da Granxa RE15029007	Acondicionamento da vía de acceso norte (DP-2901). A zona central onde se sitúa a referencia sitúase a 112 metros das obras máis próximas, sendo as obras proxectadas máis próximas a 63 metros da zona de respecto delimitada.	Compatible	Os responsables do proxecto deberán ser informados da localización exacta do depósito, da súa situación e da súa zona de protección legal sinalarase na cartografía da obra. Tendo en conta que se trata dun solar sen localización física precisa, deberá realizarse un control e seguimento continuos de todos os movementos de terras que se realicen na contorna inmediata da zona de respecto delimitada, vinculados ao acondicionamento da vía de acceso ao parque. a través do DP-2901.
Mámoa da Cuca GA15029017	Modificación da liña aérea Acondicionamento da vía de acceso norte (DP-2901) O elemento sitúase a 104 metros das obras máis próximas, non afectando as obras proxectadas ao elemento nin á súa área de respecto.	Compatible	Os responsables do proxecto deberán ser informados da localización exacta do depósito, da súa situación e da súa zona de protección legal sinalarase na cartografía da obra.
Mámoa da Costa do Castelo GA15093100	Acondicionamento da vía de acceso sur (AC-552). O elemento sitúase a 149 metros das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas sobre o elemento, aínda que estas invaden a súa zona xenérica de protección.	Compatible	Os responsables do proxecto deberán ser informados da localización exacta do depósito, da súa situación e da súa zona de protección legal sinalarase na cartografía da obra. O elemento deberá estar sinalizado con material non perecedoiro e ao longo do transcurso das obras. Control e seguimento continuo de todas as obras proxectadas dentro da área de respecto do elemento.
Xacemento do Allo GA15093090	Modificación da liña aérea. Acondicionamento da vía de acceso sur (AC-552)O elemento está situado a máis de 200 metros das obras máis próximas, polo que non se ve afectado, estando delimitada a súa área de respecto 80 metros das obras proxectadas.	Compatible	Os responsables do proxecto deberán ser informados da localización exacta do depósito, da súa situación e da súa zona de protección legal sinalarase na cartografía da obra.
Mámoa do Allo 1 GA15093015	Modificación da liña aérea. Acondicionamento da vía de acceso sur (AC-552). O elemento sitúase a 163 metros das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas ao elemento.	Compatible	Os responsables do proxecto deberán ser informados da localización exacta do depósito, da súa situación e da súa zona de protección legal sinalarase na cartografía da obra.
Mámoa do Allo 2 GA15093091	Modificación da liña aérea Acondicionamento do camiño acceso Sur (AC-552) O elemento sitúase a 157 metros das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas ao elemento.	Compatible	Os responsables do proxecto deberán ser informados da localización exacta do depósito,Na cartografía de obra sinalarase a súa situación e o seu ámbito legal de protección.



Mámoa de Repetín 2 GA15014055	Acondicionamento da vía de acceso sur (AC-552). O elemento sitúase a 113 metros das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas sobre o elemento, aínda que estas invaden a súa zona xenérica de protección. O elemento está situado no lado oposto da estrada de actuación.	Compatible	Os responsables do proxecto deberán ser informados da localización exacta do depósito. Na cartografía de obra sinalarase a súa situación e o seu ámbito legal de protección. Deberase realizar un control e seguimento continuo de todas as obras proxectadas que se executen dentro do ámbito xenérico de respecto do elemento.
Mámoa de Repetín 1 GA15014052	Modificación da liña aérea.. Acondicionamento da vía de acceso sur (AC-552)O elemento sitúase a 73 metros das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas sobre o elemento, aínda que invadana súa área de protección xenérica.	Moderado	Os responsables do proxecto deberán ser informados da localización exacta do depósito, da súa situación e da súa zona de protección legal sinalarase na cartografía da obra. O elemento deberá estar sinalizado con material non perecedoiro e ao longo do transcurso das obras. Un control e seguimento continuo de todas as obras proxectadas que se executen dentro da área de respecto xenérico do elemento, que se centran no modificación das liñas aéreas existentes que atravesan a AC-552.
Mámoa de Bustelo GA15029013	Vía ou parque de acceso interior. O elemento sitúase a 190 metros das obras máis próximas, non afectando ás obras proxectadas sobre o elemento, aínda que afectando lixeiramente á súa área de respecto. Hai unha notable diferenza de cota entre a localización do elemento e a zona onde se proxectan as obras máis próximas.	Compatible	Os responsables do proxecto deberán ser informados da localización exacta do depósito, Na cartografía de obra sinalarase a súa situación e o seu ámbito legal de protección.

Como medidas correctoras de carácter xeral propóñense as seguintes:

- Información aos responsables do proxecto da localización exacta de todos os bens documentados, sinalarase a súa situación e a súa área de protección legal na cartografía de obra.
 - Control e seguimento arqueolóxico que inclúa as fases de roza, reformulo e movementos de terras das obras de referencia.
 - Nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural non se establecerán as zonas de provisión temporal ou estacionamento de maquinaria.
 - Balizado dos elementos próximos ás obras con materiais non perecedoiros.
 - Comunicación con antelación suficiente ao equipo encargado do control e seguimento das posibles modificacións sobre o proxecto de referencia, co obxectivo de avaliar as mesmas e en previsión de que posibles elementos patrimoniais poidan resultar afectados polo establecemento das mesmas.
- No Anexo 6. *Estudio de Impacto e Integración paisaxística*, analízase a visibilidade desde os núcleos de poboación e elementos de interese paisaxístico e cultural, e inclúense infografías.

Separata Patrimonio cultural:

A separata preséntase como anexo ao Modificado substancial do proxecto de execución do parque eólico Bustelo e Baralláns, co obxecto de informar á Consellería de Cultura das afeccións que as instalacións do dito proxecto teñen sobre os bens do patrimonio cultural e solicitar a correspondente autorización. Inclúe unha táboa con 3 afeccións.

Respecto ao elemento etnolóxico referido na táboa, as dúas actuacións máis próximas localízanse a máis de 200 m del, polo que non serían de aplicación os artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do





patrimonio cultural de Galicia, referentes á necesidade de autorización das obras por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Proxecto de Interese Autonómico

- O obxecto do proxecto de interese autonómico estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial e ten como finalidade realizar a ordenación territorial dos terreos afectados polo proxecto do parque eólico Bustelo e Baralláns.
- No apartado 5.4. *Proteccións y afeccións culturais* xustifícase a obrigación de realizar unha prospección do ámbito de estudo coa finalidade de detectar posibles elementos do patrimonio cultural, arquitectónico, etnolóxico, arqueolóxico ou industrial, así como para analizar a incidencia da actuación proxectada sobre estes posibles bens, mais non se fai referencia á avaliación de Impacto cultural incluída no EIA nin se reflicten na planimetría de ordenación a totalidade dos elementos identificados na avaliación de impacto cultural.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o Plan Básico Autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que na zona de implantación do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras da infraestrutura eólica e que son identificados na *Memoria de prospección arqueolóxica intensiva PE Bustelo-Baralláns, Cabana de Bergantiños e Coristanco (A Coruña)* do Anexo 4 do EIA, onde se avalía o seu impacto e se establecen medidas correctoras.
- No texto da memoria de prospección arqueolóxica intensiva detectáronse varios erros que, non se van ter en conta xa que, semellan produto dunha confusión entre este parque e o de Alto Torreiro.

Algo máis problemática resulta a falta de planimetría e descrições pormenorizadas dos traballos de acondicionamento dos accesos, que se ben son exhaustivos para certos puntos, outros se solucionan cun xenérico "actuacións puntuais". Pese a indicarse os impactos que estas obras poden supoñer sobre unha serie de bens patrimoniais non se proporcionan nin datos precisos nin planimetría de detalle que clarifique as características dos traballos de acondicionamento, co que resulta difícil determinar se a categorización destes impactos é a correcta ou valorar a idoneidade das medidas correctoras propostas na memoria.

Non se aclaran tampouco os accesos á subestación, marcándose unicamente as gabias que chegan ata ela, sen indicar se resulta necesario realizar algún tipo de acondicionamento de vieiros.

- Detéctase un problema coa identificación do xacemento *GA15029013 Mámoa de Bustelo (ARQ6 da memoria da prospección)*. Este elemento limítrofe entre os concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco foi incorporado no PXOM de Coristanco (ficha Nº: 70, plano: M-O-3, grado de protección: 1-C) cun perímetro de delimitación específico, so para o termo municipal de Coristanco. Non obstante o elemento está en realidade situado no concello de Cabana de Bergantiños polo que o seu código de identificación é o *GA15014069*. As obras máis próximas ao xacemento son as de construción do vieiro cara á torre anemométrica e ao aeroxenerador BB-01, deseñadas a uns 180 metros.

A 100 metros ao suroeste da citada mámoa de Bustelo está rexistrado, nos arquivos da DXPC, un topónimo Medoña do Medio (TO15014014), que non sei tivo en conta no estudo arqueolóxico. As obras de construción do novo vieiro proxéctanse apenas a 130 metros ao oeste do elemento. No punto no que se marca o topónimo existe unha irregularidade, claramente visible nos planos lidar e de pendentes, que debería de valorarse con anterioridade á realización de calquera tipo obras no seu contorno de protección. Entre o topónimo Medorra do Medio (TO15014014) e a mámoa de Bustelo (GA15014069) consérvase outro topónimo, Medorra de Tras, que leva a pensar que o topónimo Medorra do Medio non respondería a una translación do nome da medorra de Bustelo cara esta outra finca próxima, senón á existencia de, cando menos, dous túmulos nesta zona.





- No vieiro de acceso á máquina BB-04, existe unha irregularidade do terreo que aparece recollida como un posible túmulo no artigo *Hybrid MSRM-based deep learning and multitemporal Senti-nel-2-based machine learning algorithm detects near 10k ar-chaological tumuli in North-western Iberia*. Redactado por Iban Berganzo-Besga, Hector A. Orengo, Felipe Lumbreras, Miguel Carerro-Pazos, João Fonte e Benito Vilas-Estévez publicado en Remote Sensing, Volume 13, no ano 2021. A revisión efectuada sobre planimetría e fotografía histórica non permite determinar con seguridade se estamos ante un xacemento, como indicaría o seu aspecto nos mapas dixitais do terreo, ou ante un simple afloramento cuberto por terra que lle outorgaría o seu aspecto tumular, pero a proximidade das obras aconsella realizar un estudo en profundidade que asegure que a apertura do novo vieiro non vai afectar sobre o posible ben.
- En relación co patrimonio arquitectónico e etnolóxico, os impactos que ocasiona a execución do parque eólico céntranse na gabiá de cableado e no vial de acceso ao parque e os camiños interiores aos aeroxeradores, en concreto sobre o camiño histórico identificado e os muros de pedra en seco que o delimitan. Segundo consta na Memoria de prospección arqueolóxica, trátase dun camiño histórico que discorría entre Ponteceso e o lugar de Valencia, recollido na cartografía de Domingo Fontán e relacionado coa vía Mariana de peregrinación cara a capela de Santa Margarida de Baneira. Algúns autores interpretan este camiño como unha ruta de peregrinación xacobeá a Santiago de Compostela.

Nos últimos anos está recuperándose unha ruta de peregrinación Xacobeá nesta zona, coñecida co nome de "Vía Céltica", ou baixo o epígrafe de "Camiños de Santiago por Santa Comba". Un roteiro formado por varios camiños marítimos de peregrinación que dende os portos de arribada do noroeste de Galicia ían en dirección a Santiago de Compostela, un viario coincide con algúns dos itinerarios tradicionais que chegaban aos santuarios de Fisterra e Muxía. Pese a que esta "Vía Céltica" aínda non está oficialmente catalogada si está recoñecida polo Cabido de Compostela á hora realizar a ruta de peregrinación e facerse coa "Compostela".

Tal e como aparece marcado o camiño histórico na memoria arqueolóxica non se adapta completamente á proposta de itinerario para a Vía Céltica que aparece na súa web. No estudo arqueolóxico presenta un tramo que se separa deste trazado creando un pequeno arco polo norte, xa que prosegue en dirección ao Muíño de Barallán, en vez de ir cara ao sur para pasar pola paraxe de Paradela e chegar ao lugar de Ramallón onde volve unirse coa ruta indicada na web.

Pese a esta diverxencia no trazado, pódese pensar que se trata dunha única ruta, polo que debe de tratarse como tal. A proposta de medidas correctoras establecida na memoria para o camiño histórico, que inclúe control e seguimento das obras e reposición de muros, deberá de estenderse a todo o trazado da Vía Céltica, mantendo e respectando todas as estruturas tradicionais existentes no trazado, apartando fóra da banda de protección que recolle a lei de patrimonio cultural para este tipo de bens (30 metros) calquera tipo de instalación de carácter permanente ou temporal que poda implicar grandes movementos de terra ou acopio de materiais. En concreto a subestación deberá gardar tamén cando menos os 30 m de separación co trazado do Camiño histórico e prever a plantación de arborado autóctono no seu contorno para mitigar a súa visibilidade.

- Na análise da diversa cartografía e fotografías aéreas pódese apreciar a existencia de valados tradicionais feitos coa técnica de pedra en seco que parcelan fincas. Segundo as fotografías e os planos da documentación achegada, as obras dos vieiros e accesos afectarán a algúns destes valados, en especial os situados na posición do aeroxerador BB-03 e o seu acceso e na zona de acopio e indícase que, no caso da afección directa dos valados, realizarase un proxecto de desmontaxe, traslado e restitución nun entorno próximo.

Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no Censo do Patrimonio Cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.08.2016 (DOG num.186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.

- Asemade, é necesario ter en conta a natureza do rexistro do patrimonio cultural galego, moitas





veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia doutros bens de interese non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configurar a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio.

- Cotexados os datos e a planimetría do estudo de impacto ambiental cos do proxecto de interese autonómico compróbase, no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas de evacuación do parque eólico, que non existen diferenza nas características do proxecto. Non obstante, cómpre sinalar que na planimetría de ordenación do proxecto de interese autonómico non se recollen os elementos identificados na memoria de prospección do anexo 4 do EslA.

De acordo coa documentación remitida e visto o informe dos servizos técnicos emito, dentro do ámbito das competencias desta dirección xeral que lle outorga a Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, o seguinte

INFORME:

A vista do anterior e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural infórmase de xeito **desfavorable** as seguintes obras pertencentes ao proxecto "P.E. Bustelo e Baralláns (Cabana de Bergantiños e Coristanco, A Coruña)":

- O vieiro projectado para dar acceso á torre anemométrica e ao aeroxenerador BB-01, quedando prohibidas as obras en toda a zona de protección da Mámoa de Bustelo (GA15014069)
- Ademais deberá de valorarse o topónimo Medoña do Medio (TO15014014), que non sei tivo en conta no estudo arqueolóxico, para verificar si se trata ou non dun xacemento arqueolóxico. No caso de que se determine ao seu carácter patrimonial, todas as obras deberán de quedar situadas a máis de 200 metros do seu límite exterior
- Tamén deberá de valorarse o interese patrimonial do punto marcado como 640 no artigo *Hybrid MSRM-based deep learning and multitemporal Senti-nel-2-based machine learning algorithm detects near 10k ar-chaological tumuli in North-western Iberia*. Redactado por Iban Berganzo-Besga, Hector A. Orengo, Felipe Lumbreras, Miguel Carerro-Pazos, João Fonte e Benito Vilas-Estévez publicado en Remote Sensing, Volume 13, no ano 2021. Que está situado nas coordenadas UTM (EPSG:25829 - ETRS89 / UTM zone 29N) X= 515.528 Y= 4.779.898, no caso de que se trate dun xacemento arqueolóxico deberá modificarse tanto o vieiro como a gabia que dan servizo á máquina BB-04, que deberían de quedar situadas a máis de 200 metros do límite exterior do elemento. No caso de atoparnos ante un simple afloramento as obras poderá manter o actual deseño

Para o resto de infraestruturas infórmase de xeito favorable, coas medidas correctoras establecidas na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Anexo 4 do EIA, debéndose, en todo caso, ter en conta o seguinte:

- Con anterioridade ao inicio das obras será necesario definir o trazado do camiño de Santiago coñecido como "vía Céltica" na zona da poligonal, e valorar o impacto que as obras poden causar sobre o mesmo. Establecerase a relación que presenta co camiño histórico indicado no EIA. A proposta de medidas correctoras establecida na memoria para o camiño histórico, que inclúe control e seguimento das obras e reposición de muros, deberá de estenderse a todo o trazado da Vía Céltica, mantendo e respectando todas as estruturas tradicionais existentes no trazado e apartando fóra da banda de protección, que recolle a lei de patrimonio cultural para este tipo de bens (30 metros), calquera tipo de instalación de carácter permanente ou temporal que poda implicar grandes movementos de terra ou acopio de materiais.

Tamén será necesario enviar unha descrición clara de todas as obras previstas nos accesos ao parque, tanto dentro como fora da poligonal así como detallar de xeito preciso os accesos ata a zona da subestación. Resulta imprescindible aportar planimetría de detalle que clarifique as características de todos traballos de acondicionamento previstos. Coa información proporcionada





resulta imposible determinar se a categorización dos impactos é a correcta, polo que non se pode determinar a completa idoneidade das medidas correctoras propostas, e se resulta necesario incluír algunha outra acción.

- Extremarase o control e seguimento arqueolóxico nas rozas e remoción de terras, nas partes dos trazados destes camiños polas que discorran as gabias e se empreguen como vieiro do parque, ao obxecto de poder localizar posibles achados do camiño orixinal e proceder á súa conservación. A execución deste vieiro de acceso deberá ter presente o camiño tradicional existente e respectar a súa continuidade en todos os puntos de interceptación para permitirlle seguir manténdose en uso.
- A gabia de cableado que conecta os aeroxeradores da zona sur coa subestación deberá discorrer pola marxe do camiño que coincide coa Vía Céltica que menos afección cause e sen cruzalo repetidas veces. En canto á posición da subestación, deberá gardar cando menos os 30 m de separación co trazado identificado na memoria arqueolóxica como Camiño histórico e prever a plantación de arborado autóctono no seu contorno para mitigar a súa visibilidade.
- Prestárase especial atención ás afeccións sobre os valados e muros de pedra feitos coa técnica tradicional de construción de pedra en seco que poidan existir na zona de obras e en especial aqueles identificados no anexo 4 do EsIA. Para iso, nas rozas e replanteo de accesos, plataformas, cimentacións e gabias de cableado estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente e reflectilos en cartografía os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se podan ver afectados polas obras. En todo caso, procurárase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas. Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso e durante as labores de restauración ambiental procederase á reintegración e remate axeitado.

Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.08.2016 (DOG núm. 186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.

- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico. A tal fin, e previo ao inicio das mesmas, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
 - No devandito proxecto recolleranse todas as medidas protectoras e correctoras xerais e específicas establecidas no EsIA e addendas deste sobre patrimonio cultural, e mais as derivadas das consideracións que se fan no presente informe.
 - Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos ocupados polas diferentes obras: plataformas, cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que se realizaran rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras, sempre baixo control arqueolóxico.
 - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra nos contornos de protección dos elementos arqueolóxicos documentados ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras. Realizarase un especial control dos perfís e cortes que se xeren.
 - No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos, o que poderá dar lugar a modificacións na implantación das infraestruturas e ao establecemento de novas medidas protectoras, correctoras.
 - Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.
 - Deberá de certificarse o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.





Respecto ao **proxecto sectorial ou de interese autonómico**:

- Deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes para que haxa correspondencia entre os documentos. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollese para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollese a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados no seu catálogo urbanístico de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Industria e Innovación

